

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CONXUNTA REALIZADA POLAS COMISIÓNS INFORMATIVAS
PERMANENTES EN DATA 24 DE AGOSTO DE 2023**

**COMISIÓN INFORMATIVA DE PRESIDENCIA, DESENVOLVEMENTO ASOCIATIVO, ECONOMÍA,
FACENDA E RÉXIME INTERIOR**

ROGOS E PREGUNTAS

Rogos do PP presentados por escrito

“1.- Que sexan publicadas nas redes sociais do Concello todas as mocións aprobadas no Pleno, non soamente as presentadas polos partidos do goberno municipal.”

O Sr. presidente concede o uso da palabra á Sra. Pan Lesta quen, unha vez concedido, di que entende que se refire á nota que publica o gabinete de comunicación do concello. Di que esta nota é un resumo do que acontece no pleno municipal, destaca o máis importante; que haberá momentos que sexan as mocións o máis importante e outras veces que sexan importante outros temas que se presentan a debate; por isto, en principio, non se recollen. Di que non acepta o rogo.

O Sr. Vázquez Pérez intervén e manifesta que non se refire a iso; expón, que por exemplo, no primeiro pleno ordinario do mes de xullo se aprobaron dúas mocións; unha, en relación en defensa do servizo básico e esencial da educación pública no CEIP Wenceslao Fernández do Concello de Cambre e a outra moción presentada polo BNG en defensa do servizo de autobuses ás praias e di que esta moción, que se aprobou por unanimidade no pleno, non se publicou nas redes sociais e manifesta que pensa que é importante publicar todas as mocións aprobadas polo pleno independentemente de quen as presente e non soamente as mocións do goberno municipal.

O Sr. presidente concede o uso da palabra á Sra. Pan Lesta quen, unha vez concedido, manifesta que falará co gabinete de comunicación; que neste momento a persoa que o leva está de vacacións; pero, e agora di que fala como xornalista que é, cando fas unha nota informativa, publicas o que consideras máis destacado.

O Sr. presidente concede o uso da palabra ao Sr. Carballeda Rodríguez quen, unha vez concedido, manifesta que non se está respondendo ao sentido do rogo; o que se está a pedir é que nas redes sociais do concello se publiquen as mocións que aprobe a corporación. Engade que el persoalmente cre que ten todo o sentido, que ten un custo económico cero e di que anima ao goberno municipal a que recapacite e asuma esta medida.

O Sr. presidente e a Sra. Pan Lesta manifestan que recapacitarán sobre isto.

“2.- Que sexan subidos á web do Concello os plenos de maneira máis inmediata, en vez de tardar varias días e semanas, como ocorre de xeito habitual e que se realice a actualización de datos e das actas pendentes na web.”

O Sr. presidente concede o uso da palabra á Sra. Pan Lesta quen, unha vez concedido, manifesta que efectivamente as videoactas súbense ao día seguinte da súa celebración; que é verdade que o traballo da secretaría é inxente; e repite, que a videoacta se publica ao día seguinte, agás este mes, dado que a persoa encargada está agora mesmo de vacacións. Di que acepta o rogo.

Preguntas do PP presentadas por escrito

“1. En que datas van a estar dispoñibles os locais dos grupos municipais na Barcala?. Como vai a búsqueda dun local dispoñible no centro urbano de Cambre?”

O Sr. presidente concede o uso da palabra á Sra. Pan Lesta quen, unha vez concedido, manifesta que respecto da búsqueda do local, que se segue a buscar; que xa tiña explicado o Sr. alcalde que se estaba a buscar un local que cumpra as características e que non é doado; di que se sabe dalgún baixo que cumpra as condicións, que debe ter entre 110 e 120 m² para poder facer as divisións correspondentes máis unha sala máis ampla para poder reunirse todos os partidos cos seus afiliados, que llelo comunique.

Respecto do local da Barcala, a Sra. Pan Lesta manifesta que está avanzado, que se está a pintar e colocar o mobiliario e agarda que ao inicio da primeira semana de setembro se poida ter as chaves.

“2. Cando se vai a crear a nova comisión especial de seguimento do plan xeral?”.

O Sr. presidente manifesta que lle permitan agardar para este tema ao mes de setembro que está o señor alcalde e así recuperar o tema.

Pregunta de Alternativa dos Veciños presentada oralmente

1.- Referente a non celebración do Temple Jazz que diferencia hai con respecto de todas as convocatorias anteriores nas que foi a mesma empresa a que se presentou?.

O Sr. presidente concede o uso da palabra á Sra. Pan Lesta quen, unha vez concedido, manifesta que o Temple Jazz se licitou dúas veces; que a primeira vez a empresa presentou a oferta por encima do prezo de licitación, polo que quedou excluída e quedou deserto; di que na segunda vez, había dous lotes, de produción e artístico; no de produción valorábase tanto a experiencia profesional da persoa encargada da produción como as melloras técnicas en canto ao son e a oferta económica; que presentaron os dous sobres nun só sobre e, segundo a secretaria e a interventora, isto é excluínte por lei; que se presentou unha soa empresa e quedou deserto o lote de produción e di que o lote artístico sen a produción non se pode executar.

COMISIÓN INFORMATIVA DE URBANISMO, OBRAS, SERVIZOS, MEDIO AMBIENTE, MOBILIDADE, SANIDADE, SEGURIDADE CIDADÁ, TURISMO, PATRIMONIO, TRANSFORMACIÓN DIXITAL E INNOVACIÓN TECNOLÓXICA

ROGOS E PREGUNTAS

Rogos do PP presentados por escrito

“1. Que se leve a cabo un coidado e limpeza máis regular do cemiterio municipal de Cambre, ante as continuas queixas dos veciños sobre o seu estado.”

O Sr. presidente manifesta que cre que o termo “continuas queixas” é un termo moi indefinido; que a el non lle chegou ningunha queixa; que lle parece estrano que nunha poboación de 27.000 habitantes non lle chegara queixas por todos os lados; di que non pon en dúbida a súa avaliación e di que teñen distintos criterios de valoración.

Continúa o Sr. presidente e di que respecto da limpeza da zona verde se realiza por Légamo cada 12 ou 15 días; di que viu o estado e pensa que non está tan mal, que teñen a prohibición de usar produtos contaminantes e di que o terán que avaliar. Di que a limpeza dos baños se realiza unha vez por semana, sobre todo os venres media hora, di que lle parece dentro da normalidade.

O Sr. presidente concede o uso da palabra á Sra. Espiñeira Galán quen, unha vez concedido, manifesta que hai cousas que teñen que ser melloradas; di que hai un banco á entrada do cemiterio que está en pésimas condicións; que o portal de entrada está oxidado.

Continúa a dicir que hai pintadas nas paredes; di que foi unha mágoa que estando aquí os artistas que amosaron a súa categoría non se falara con eles para pintar estas paredes cunha expresión artística; que respecto do interior do cemiterio, di que ela mesma visitou o cemiterio e comprobou que os setos están secos e queimados, que as beirarrúas non están suficientemente limpas; di que ten fotos destes problemas que viu e pregunta, así mesmo, se non se pode humanizar a contorna do cemiterio.

O Sr. presidente manifesta que lle gustaría que este rogo se fixera como unha expresión verbal, e así, probablemente, este rogo non faría falta, que se o presentan como rogo que lle parece normal pero tamén o poden facer a través de escrito no rexistro que é moito máis dinámico e rápido, cre que é un tema de colaboración; di que acepta o rogo.

“2. Que se leve a cabo de maneira urxente un plan de desratización na zona do paseo marítimo do Temple e rúas aledañas.”

O Sr. presidente concede o uso da palabra á Sra. Parcero Quiñoy quen, unha vez concedido, manifesta que efectivamente é certo, que se realiza o mantemento de xeito habitual; que se atende os avisos que lle

trasladan os veciños; que en canto coñeceu deste rogo se avisou á empresa para que o controlase e, cando menos, ata decembro que finaliza o dragado da ría, que se manterá de xeito habitual. Di que acepta o rogo.

Preguntas do PP presentadas por escrito

“1. Cal foi o custo total do estudo, compra e instalación do novo sistema de iluminación de pasos de peóns incluído no Plan Global de eficiencia enerxética?. Van a cambiar os farois ou o sistema de iluminación?”

Toma a palabra o Sr. presidente e di que en canto ao custo da instalación é cero e explica que é cero porque é unha mellora do produto, forma parte das melloras; en canto se se cambiarán os farois, di que non se cambiarán, entende que funcionan ben para o seu cometido que é dar luz a un punto específico; di que respecto do aviso de atención de punto de luz; o farol ilumina perfectamente o paso de peóns e o que hai que avaliar é o aviso de atención; di que é un tema complexo e que se vai avaliar.

“2. Teñen algunha resposta dos responsables sobre cando van a ser retirados os bloques instalados no Paseo Marítimo do Temple?”

O Sr. presidente concede o uso da palabra á Sra. Parcerero Quiñoy que, unha vez concedido, manifesta que serán retirados no mes de decembro cando remate a obra; que entende os prexuízos que poida causar e que, aínda que agora non se ve que estean traballando na zona, están dragando noutro sitio e teñen que facer un recheo que se fará no mes de setembro e para isto necesitan as barreiras, por isto non se retiraron.

“3. Canto van a tardar en executar as obras do parque Ramón Barba do Temple?”

O Sr. presidente contesta que o prego de condicións establece doce meses de execución; que se executará por fases.

Rogo de Alternativa dos Veciños presentado oralmente

1.- Nas pasadas comisións informativas rogaron que se rozara de maneira urxente no lugar da Rocha no paso peonil existente que percorre paralelo á N-550 e leva a marquesiña da citada estrada, por encontrarse totalmente cuberto de maleza, imposibilitando aos veciños o acceso á citada parada de bus. O rogo foi recollido polo goberno municipal e comprometéronse a actuar enviando a brigada á citada zona; a día de hoxe, o estado de tramo peonil é exactamente o mesmo que o pasado mes; xunto con isto solicita a mesma actuación 3 quilómetros máis arriba, logo de pasar Altamira, ao que se lle contestou por escrito que esa vía non era de competencia municipal. O caso é que a zona indicada polo concello non era a que se refiren, polo que enviarán plano con situación indicando os puntos sinalados anteriormente, e roga, de novo, se rozen os citados puntos.

O Sr. presidente manifesta que van a comezar as tarefas de rozas; en canto ao tema do tractor, di que é un apoio necesario; respecto deste rogo, di que lle agradecería que se remitise a situación exacta e que o verá o encargado da brigada e lle contestará ao respecto.

Preguntas de Alternativa dos Veciños presentadas oralmente

1.- Nas últimas semanas, numerosos veciños da parroquia de Cambre puxéronse en contacto con eles para manifestar a súa preocupación polo estado no que se atopa o parque infantil do centro da vila. Logo de facer unha visita recente, puideron apreciar un grande número de desperfectos. O parque non foi reformado hai moito tempo e o estado no que se atopa podería constituír un perigo para os nenos que nel xogan a diario. A día de hoxe atópase sen tobogán, o cal se retirou e tapouse cunha táboa o oco que ocupaba (dita táboa hoxe xa non está co perigo que supón de caída para os nenos), parafusos e estelas á vista, por non falar dun firme totalmente irregular que fai que continuamente nenos e maiores tropecen e acaben caendo. Os xogos (bambáns, balancíns) tampouco están a ser mantidos correctamente e presentan bastantes signos de deterioro, polo que pregunta: está prevista algún tipo de actuación, remodelación do citado parque ou se, cando menos, se vai a repoñer o tobogán e arranxar as numerosas deficiencias que presenta?.

2.- O pasado 13 de agosto pola mañá produciuse un apagón na rúa Polígono que afectou principalmente aos números pares da citada rúa e unha subida de tensión sobre as once da noite fixo que a moitos veciños se lle fundiran neveiras, televisores, estalaran lámpadas e danos en diversos aparatos eléctricos. Os problemas continuaron durante dous días máis e aínda así dende o concello se manifestou que non tiñan constancia da citada incidencia. Dende Alternativa pregúntase se está totalmente localizado e solucionado o problema. Isto porque nove días despois seguen uns valos na citada rúa Polígono, protexendo uns cables que están á vista pola fachada dunha das naves.

O Sr. presidente manifesta que non sabía nada deste asunto; que el se enterou por un membro do Partido Popular de Oleiros; di que é unha rotura gordá; que non sabe exactamente o que pasou e, en canto teña a información correspondente, a facilitará.

COMISIÓN INFORMATIVA DE BENESTAR SOCIAL, DESENVOLVEMENTO LOCAL, DEPORTES, XUVENTUDE, EDUCACIÓN E CULTURA

ROGOS E PREGUNTAS

Preguntas do PP presentadas por escrito

“1. Cal é o motivo da tardanza no pago das bolsas de estudo do 2023, estando xa en agosto?. En que situación están as pendentes de pago do 2022?”.

O Sr. presidente concede o uso da palabra á Sra. Rodríguez López quen, unha vez concedido, manifesta que ambas preguntas tal como están expostas carecen de concreción, polo tanto, non se pode responder dun xeito concreto.

O Sr. presidente intervén e manifesta que pensa que a pregunta está mal elaborada e agradeceríalle á Sra. Lauda Fernandez que a presentase por escrito.

“2. En que situación queda o Temple Jazz despois da cancelación?. Cando se vai a celebrar?”

O Sr. presidente concede o uso da palabra ao Sr. López Saborido quen, unha vez concedido, manifesta que á vista de que a segunda licitación quedou deserta por un erro na documentación, están traballando para facer outro tipo de formato, dado que o festival tal como está configurado en época estival, aberto ao público, en outubro ou novembro, debido ás inclemencias metereolóxicas, non tería cabida e di que están a estudar varias posibilidades, tales como un concerto de nadal dedicado ao jazz.

“3. Cales foron as cifras de asistencia de público no Rock in Cambre do 2023?. Está a asistencia a este evento a baixa, comparado con outros anos?”

O Sr. presidente concede o uso da palabra ao Sr. López Saborido quen, unha vez concedido, manifesta que segundo datos de Protección Civil e da Policía Local as cifras de asistencia son preto de 3.000 persoas; di que son cifras semellantes ás de anos pasados e que nas cifras inflúen moitas variables, tales como as propostas culturais dos concellos limítrofes.

Preguntas do BNG presentadas oralmente

1. Cal é o estado do pagamento das bolsas de estudo do ano 2022/2023?.

2.- Cal é a calendarización das axudas de estudo do ano 2023/2024?.